

Praza número: 25/1069

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial

Departamento: Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

Centro: Facultade de Informática

CRITERIOS DE AVALIACIÓN

A comisión de selección do concurso arriba indicado, tras a súa constitución, conforme á Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador da Universidade da Coruña, aprobada por Consello de Goberno (7/11/ 2024), ACORDA establecer os seguintes criterios:

Criterio de aplicación xeral

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso multiplicaranse por 1.

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidades de coñecemento afíns as seguintes: Arquitectura y Tecnoloxía de Computadores

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

I. FORMACIÓN ACADÉMICA. Puntuación máxima: 100 puntos

I.1. Expediente académico (grao e máster, ou licenciatura). Puntuación máxima: 50 puntos

Se o candidato accedeu a algún programa de doutoramento na especialidade de coñecemento obxecto da presente praza, se lle aplicará o factor de multiplicación 1 do criterio xeral á valoración da titulación que lle deu acceso ao dito programa de doutoramento.

III. EXPERIENCIA INVESTIGADORA, DE TRANSFERENCIA E DIVULGACIÓN. Puntuación máxima: 100 puntos

III. 1. Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

Os artigos publicados en revistas científicas valoraranse con 2,5 puntos se as revistas están incluídas en Scopus ou na Web of Science. Coeficiente multiplicador entre 0.25 e 1 vinculado á súa posición na base de datos. Non se aplicará coeficiente multiplicador polo número de autores.

Praza número: 25/1069

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial

Departamento: Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

Centro: Facultade de Informática

Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

As publicacións recollidas en bases de datos de referencia, nomeadamente Web of Science (WoS) ou Scopus, recibirán un coeficiente multiplicador dependente do seu índice de impacto, de acordo coa seguinte relación:

- Índice de impacto Q1: Entre 0,75 y 1 en función da súa posición na categoría no índice.
- Índice de impacto Q2-Q3: 0.5
- Índice de impacto Q4: 0.25

O resto de publicacións recibirán unha puntuación máxima de 0.15.

Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio editorial. A puntuación máxima por un capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes: Non se considerarán publicacións sen ISBN.

No caso das enxeñarías, as publicacións en actas de congreso de calidade contrastada ou incluídos en listas de referencia valoraranse cun máximo de 1 punto por cada contribución. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

As contribucións recibirán unha puntuación de acordo coa seguinte coeficiente multiplicador en función da súa clasificación ICORE, CORE ou GGS:

- A* ou A+: 1
- B: 0,5
- C: 0,25

O resto de contribucións a congresos recibirán 0,15 puntos.

III.6 Participación en proxectos de investigación de convocatorias competitivas y en convenios de investigación. Puntuación máxima: 20 puntos

Á valoración da participación en proxectos de investigación de convocatorias competitivas poderase aplicar un factor multiplicador entre 0.25 e 1 en función da súa duración en anos e o importe total do proxecto.

A participación en convenios ou contratos de investigación regulados polo artigo 83 da LOU ou ou 60 da LOSU valorarase cun máximo de 3 puntos por convenio, de acordo coas seguintes ponderacións, sempre que a persoa sexa IP:

- Hasta 10.000€: 0,2
- Superior a 10.000€: 0,4 por cada 10.000€

No caso de ser membro do equipo, a puntuación será a metade.

Praza número: 25/1069

Número de prazas: 1

Categoría: Profesor/a Substituto/a

Dedicación: Parcial P06

Área de coñecemento: Ciencia da Computación e Intelixencia Artificial

Departamento: Ciencias da Computación e Tecnoloxías da Información

Centro: Facultade de Informática

IV. Experiencia profesional. Puntuación máxima: 100 puntos

A valoración será de ata 1 punto por ano con dedicación a tempo completo en función da relevancia e adecuación á especialidade de coñecemento das tarefas desenvolvidas; no caso de dedicación a tempo parcial ou de períodos inferiores a un ano, a valoración será proporcional.

Na Coruña , a 21 de xaneiro do 2026

A presidencia da comisión